

A las 12:45 horas do día 20 de xullo de 2016, existindo o quórum necesario para a constitución da Comisión de Calidade, iniciase á mesma, estando presentes ás seguintes persoas:

Arias Martínez, María Antonia

Domínguez Rubira, Carmen

Fernández Acevedo, Rafael

Guerrero Gesteira, Isabel

López Rodríguez, Alba

Pita Grandal, Ana M^ª.

Ruiz Hidalgo, Carmen

Torres Pérez, Francisco José

Excusan:

Muleiro Parada, Luis

Rodríguez Rodríguez, Emma

Araújo Figueroa, Isaac Borja

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

O secretario da Comisión, Francisco Torres, apunta que esqueceuse de incluír entre os que excusan a súa ausencia a Raúl Gómez Villaverde. Apróbase con esta variación.

2.- Informes da Sra. Decana.

2.1.- A Decana informa sobre a súa asistencia a unha Xornada do Colexio de Graduados Sociais celebrada en Lugo. O obxecto da reunión, entre outras cuestión, foi informar sobre o proxecto normativo de capacitación laboral aos graduados en RRLL e RRHH que permitiría o exercicio como avogado no ámbito social. Tal capacitación iría ligada a un exame de acceso semellante ao existente na avogacía.

2.2.- A Decana informa sobre a existencia de dous puntos que van a ir a orde do día da Xunta de Facultade que non se incluíron na Comisión de Calidade. Non obstante, ao tratarse de

cuestións xa aprobadas na Comisión de Recoñecementos do Centro, é suficiente con traelos a esta Comisión a nivel informativo. O primeiro deles é a táboa de recoñecementos da titulación Dirección e Xestión pública e o grao en Dereito.

O segundo dos informes que tamén foi aprobado na citada Comisión de Recoñecementos, foi o recoñecemento de créditos por ter cursado Ciclos superiores LOE e LOGSE e grao en RRLL e RRHH. Como no anterior suposto, tráese a esta Comisión como informe.

Ambos informes son informados favorablemente por esta Comisión.

2.3.- O Coordinador do grao en RRLL e RRHH, Rafael Fernández Acevedo, informa sobre a comunicación por dous profesores de incompatibilidades de horarios respecto aos horarios aprobados na Xunta de Facultade. En particular, son os profesores Alex Pazos e Baltasar Manzano. Proponse variación de ditas materias para evitar tal solapamento.

2.4.- María Antonia Arias comunica que hai un solapamento de dous grupos prácticos de Dereito Administrativo II nas dúas primeiras semanas pero que tal problema está en proceso de solución.

3.- Emisión de informe sobre as táboas de recoñecementos das titulacións do Centro: diplomatura RR.LL-grao en RR.LL (plano novo); licenciatura en Dereito, rama Económico-Empresarial-grao en Dereito (plano novo); grao en RR.LL (plano novo)-grao en Dereito (plano novo) ; grao en Dereito (plano novo)-grao en RR.LL. (plano novo).

A Decana informa que na Comisión de Recoñecementos fíxose unha revisión das táboas a vista dos informes presentados pola secretaria da facultade.

Infórmase favorablemente.

4.- Emisión de informe sobre a Normativa de Traballos Fin de Máster en Avogacía (Vigo e Pontevedra)

A Decana informa que a CAM do Máster en Avogacía (Vigo e Pontevedra), revisou a súa normativa á vista do Regulamento xeral da UVigo. Puntualízase que aínda queda por adaptar a normativa de TFM de master en menores e Xestión e Dirección Laboral.

Infórmase favorablemente.

5.- Emisión de informe sobre a normativa de Prácticas Externas do Máster en Avogacía (Vigo e Pontevedra)

A Decana informa que a principal modificación desta normativa afecta ao sistema de avaliación de prácticas para que o titor non poida rebaixar a nota de seguimento pero sí subila. Así mesmo, o informe do titor externo non pode ser superior a 8.

Infórmase favorablemente.

6.- Emisión de informe sobre a Normativa de Prácticas Externas dos graos do Centro.

A Decana e o coordinador de prácticas externas, Francisco Torres, puntualizan que se trata de unha modificación do artigo 12 da normativa vixente co obxectivo de adaptala a nova normativa xeral de prácticas externas grado da UVigo.

Neste senso, proponse con respecto a versión enviada como documentación para esta comisión, a variación do último ítem valorable (10% da nota). A redacción definitiva do artigo 12 sería a seguinte:

“O 10% restante da cualificación, sobre 10 puntos, atribuirase polo titor académico en atención a valoración global que realice do conxunto da actividade desenvolvida polo alumno/a. En particular, deberá tomar en consideración o nivel de cumprimento global durante todo o período de prácticas.”

Infórmase favorablemente coa modificación indicada. Variarase a guía docente da materia Prácticas externas de RLL e RRHH para axeitala a esta nova normativa así como a guía docente da materia Prácticas Externas do Grao en Dereito.

7.- Emisión de informe sobre os informes de coordinación dos graos do Centro.

Faise lectura pola Decana do Informe de coordinación do Grao en Dereito. A Decana obxecta que no informe débense plasmar os problemas cousa que non constan especificamente neste informe que límtase a realizar un relato obxectivo das actuacións levadas a cabo.

Infórmase favorablemente.

Dase lectura pola Decana e polo Coordinador do Grao en RRLL e RRHH, Rafael Fernández Acevedo, do informe de coordinación. A Decana expresa que este informe incorpora certos problemas detectados en determinadas materias.

Chama a atención o número de coordinadores que teñen contestado (25 en total dos que responderon 12) ao correo que se enviou para evidenciar a coordinación.

O Coordinador manifesta que a participación ten sido baixa mais tendo en conta que tan só se trataba de responder a un correo electrónico no que se formulaban algunhas preguntas. A Decana considera que debería de ser o Decanato o que puidese adoptar medidas ao respecto cando a participación do profesorado nestas acción de coordinación é tan baixa. A Decana solicita que se de traslado ao Área de Calidade da UVigo desta situación para que sexa o Reitorado o que adopte as decisións oportunas.

Infórmase favorablemente.

8.- Emisión de informe sobre un curso de formación sobre software de xestión de despachos

A raíz das reunión de acreditación do Grao en RRLL e RRHH e do posterior informe, propónse un curso específico da materia citada polas profesoras de novas tecnoloxías. Desde esta comisión animase ao Decanato para seguir facendo unha oferta formativa nesta materia.

Infórmase favorablemente.

9.- Rolda de intervencións.

Non hai intervencións.

Non existindo mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14:30 horas do que dou fe como Secretario.

Francisco José Torres Pérez